

XUNTANZA DA MESA XERAL DE EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS

Na Mesa Xeral de Empregados Públicos celebrada o 17 de abril de 2023, tratouse a negociación dos temas que afectan ao emprego público dentro da “nova” Lei para a Igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia que se está a tramitar neste momento como anteproxecto de lei, e que substituirá ao actual Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade.

Despois da xuntanza previa do pasado 14 de abril, aceptouse parcialmente unha das nosas alegacións ao **artigo 57**, ao respecto da elaboración e execución de plans de formación en materia de igualdade entre mulleres e homes e prevención e loita contra a violencia de xénero. Porén a nosa alegación tamén incluía un **plan de formación en materia de igualdade especificamente deseñado para o persoal da nosa Administración** e das súas entidades instrumentais, e exclusivo para o seu persoal, porque a realidade é que **a porcentaxe da formación en materia de igualdade no total do Plan de formación da EGAP chega escasamente ao 12%**, e consideramos a formación prioritaria para converter a igualdade en transversal.

Tamén insistimos na necesidade de que a Consellería con competencias en materia de función pública conte cunha unidade de igualdade encargada da coordinación nesta materia co órgano competente da Xunta de Galicia en materia de igualdade.

Destacamos a **importancia do artigo 179** da “nova” Lei de Igualdade, **na que se establecen unha serie de medidas para cando a data dun exame de oposición coincida coa data do parto da persoa aspirante**, e solicitábase que se garanta que acollerse a esta ou outras medidas, xa que a lei deixa aberta a posibilidade, non supuxera en ningún caso o outorgamento de permiso para o acceso aos datos médicos da persoa aspirante, autorización excluída das últimas convocatorias de emprego público, pero que non se requiría para a acreditación doutras especialidades relacionadas coa saúde das persoas, como no caso das adaptacións ou servizos médicos precisos para as persoas aspirantes con discapacidade.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



XUNTANZA DA MESA XERAL DE EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS

Tamén concordamos coa retirada da Lei de Igualdade dos permisos e das infraccións que deben estar, en ambos casos, recollidos na Lei de emprego público de Galicia, pero **solicitamos o compromiso por parte de Función Pública de que as condutas referidas no antigo artigo 61 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, como condutas que supoñen incumprimentos moi graves do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, como a chantaxe sexual ou o acoso ambiental, deberían trasladarse expresamente ás condutas tipificadas como sancións moi graves no artigo 185.1 e 2 da Lei de emprego público de Galicia, xa que en outro caso serán dificilmente subsumibles na conducta descrita no artigo 185.1.b) da dita lei.**

E finalmente, no proceso de negociación coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade aceptouse parcialmente a nosa solicitude de incorporar unha disposición que recollese a terminoloxía da Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía das persoas LGTBI, facendo referencia ás **persoas funcionarias trans xestantes e as persoas traballadoras trans xestantes**, candose fale de funcionarias ou traballadoras xestantes. Entendemos que a Lei de Igualdade real e efectiva entre homes e mulleres de Galicia non pode descoñecer a realidade recollida na Lei estatal nin a que xa se recoñece na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
 CP 15707
 Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
 CP 15008
 Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
 CP 15402
 Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
 CP 27002
 Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
 CP 32300
 Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
 CP 36002
 Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
 CP 36212
 Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
 CP 32300
 Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
 CP 27400
 Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

